



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE MARÍN PARA ACTUALIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO MUSEO MANUEL TORRES DE MARÍN**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

**DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Marín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Marín para realizar actualización das instalacións do Museo Manuel Torres de Marín.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, pola necesidade de atender áreas específicas como a que acontece á realización da actualización das instalacións do Museo Manuel Torres de Marín: adecuación a novos usos, actualización das súas instalacións, adaptación para usos complementarios que permitan unha maior utilización das instalacións e acercamento da cidadanía á arte en xeral e á figura de Manuel Torres en particular, que é un icono da cidade.*

*Por todo o anterior é o Concello de Marín o que posúe a especificidade como beneficiario, así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.*





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

